

CULTURA **6º PRIMARIA**

Guadi Galego



Guadi Galego estivo con nós o comezo de mes e fixémoslle unha entrevista para Radio Û que está no blog do Colexio. Tamén nos cantou Matriarcas e Chea de Vida. Foi unha persoa moi amable.

Esta cantante galega, nacida en Cedeira, foi gaiteira, pianista e vocalista no coñecido e exitoso grupo folk Berrogüeto (no que estaba o seu irmán), ate xaneiro de 2008. Despois estivo no dúo Espido e tamén en Nordestin@.

A súa carreira en solitario iniciouse co álbum Bezón, que se publicou en 2009. Na actualidade ten publicados catro discos en solitario con grande éxito.

A súas cancións máis coñecidas actualmente son: Matriarcas (2014) Chea de Vida (2014) e Amar de Mares (2005).

LOCAL **2º PRIMARIA**

Avanzan os traballos na horta

O pasado 15 de febreiro a Comunidade Educativa reuniuse para a inauguración da súa horta



Leitugas, pementos de Padrón, tomates, herbas aromáticas e outras verduras e hortalizas serán sementadas na horta.

Unha vez preparados os sementeiros, os obxectivos e recomendacións dos participantes no proxecto para as próximas semanas son: planificar a horta, transplantar os cultivos que correspondan, fertilizar e abonar.

Todo isto "vixiando as pragas que poden traer o aumento das temperaturas e cun ollo no ceo para protexer os cultivos!!" aseguran fontes do centro.

ANUNCIOS VARIOS **5º PRIMARIA**

DOTEMPO. Fai choiva de gomino-las, se queredes que o fagamos xa podedes ir pagando. 6549879887	REGALO profesor de matemáticas. Por favor, urxe. 98451694070.	BUSCAMOS unicornio azul con corno afiabile. Con aña incluído, por favor. Laura e Icia. 98739985739	EMPRESA DE TEAS. Buscamos tea de chimpancé para chaquetas áxiles. 64550677721.
CÓMPRASE rabo de vaca para matar moscas. 6055165890	BUSCO piscina con tobogán cheo de lama. Oink, oink! 9870004709.	VENDO libros coas respostas dos deberes de 5º. Especialmente indicado para nenos/as vagos/as. 977665546787	VENDO tubaria para baño. Chamen ao experto L. Avabo. 0987097514010.Luís.
VÉNDESE mellor amigo por non me facer caso. 4356345678	VÉNDESE comunidade de Madrid. Só ten que negociar cos veciños/as. 9189987665000	FILLOS/AS venden aos seus pais por pesados. Non se aceptan devolucións. Prezos negociables. 89879657657	NECESÍTASE ciruxán urxentemente. Razón Hospital de Sastroso. 08078768686

INTERNACIONAL **1º PRIMARIA**

Welcome to Galicia Caroline!

In our international section we will try to approach the language assistants' reality. Five months ago Caroline came to the CEIPP do Camiño Inglés. Since then she is a part of our school and a part of our hearts. This is our chance to get to know her better through an

CARLA: WHAT IS YOUR FULL NAME?

Caroline: My full name is Mary Caroline Langdon.

LAURA G: WHERE ARE YOU FROM?

Caroline: I am from the United States, from a city called Nashville in a state called Tennessee.

DANIELA: HOW OLD ARE YOU?

Caroline: I'm twenty-six years old.

CAROLINA: DO YOU HAVE BROTHERS OR SISTERS?

Caroline: Yes, I have one brother. He is twenty-one years old, his name is Matthew.

YANET: WHAT IS YOUR FAVOURITE COLOUR?

Caroline: My favourite colours are purple, green, turquoise and silver.

PAULA: WHICH IS THE ANIMAL YOU LOVE THE MOST?

Caroline: My favourite animals are dolphins and monkeys.

SIMÓN: DO YOU HAVE ANY HOBBIES?

Caroline: Yes, I like to dance, I like to act, I sing a bit and yoga and knitting are my favourite hobbies.

JAVIER: IS THIS YOUR FIRST TIME IN SPAIN?

Caroline: No, this is my second time



in Spain. Last year I came to Andalucía for two weeks, but this is my first time in Galicia.

UXÍA: ARE YOU A TEACHER IN THE USA?

Caroline: I am not a teacher in the U.S. (...) I worked at a Juice Bar making juices and smoothies (...) and then worked at a Mexican Popsicle restaurant.

NEREA G: WHY DID YOU CHOOSE GALICIA?

Caroline: I choose Galicia because I kept hearing great things about Galicia, that it was sort of a hidden gem of Spain (...) and I wanted to experience its culture.

RUBÉN: DO YOU LIKE GALICIA?

If you want to know the answer to this question or listen to the full interview don't hesitate to check out <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcaminhoingles/> on the special Radio Û program with Caroline and the first graders.

PASATEMPOS **4º PRIMARIA**

SOPA DE LETRAS

Atopa as 12 palabras relacionadas coa produción do horto: piri-xel, tomate, cabaza, leituga, ravo, ourego, cenoria, cebola, pataca, romeu, brócoli, repolo.

T	L	P	M	P	I	R	I	X	E	L
O	C	A	B	A	Z	A	C	Z	P	C
M	F	T	B	R	O	C	O	L	I	D
A	B	A	A	C	R	X	F	M	R	C
T	A	C	B	R	A	V	O	L	E	E
E	G	A	C	M	A	F	S	C	P	N
R	O	M	E	U	R	Z	G	K	O	O
C	S	F	B	E	N	M	Z	A	L	R
R	P	D	O	U	R	E	G	O	O	I
L	M	E	L	E	I	T	U	G	A	A
Q	H	L	A	S	D	G	T	O	E	G


SUDOKU

Coloca os números do 1 ao 9 de tal forma que non se repita ningún na mesma fila, columna ou rexión de 3x3 casillas.

4	9	6	7	8	3	2	5	1
8	3	6	2	1	9	7		
7	1	2	9	5	4	8	6	
1	8	4	5	7	2	3	6	
9	7	1		8	4		5	
6	2	5	3	4	9	7	1	8
	7	1	4	9		6	8	3
5	6	8	2	3	7	1		4
3	4		8	1	6	5	7	2

XADREZ

Xogan brancas. Mate nunha xogada



A TIRA DE ISMAEL & CRISTINA **2º PRIMARIA**

